



Organización Galega  
de Comunidades de Montes  
Veciñais en Man Común

Circular 3/2003

**Estimado/a presidente/a da comunidade de montes de:**

Por medio do presente escrito , enviamoslle a seguinte información:

**LEI DE MONTES ESTATAL :** Logo de reunirse cos grupos parlamentarios ( e en especial co PP ,que é quen ostenta o poder), con representación galega , do Congreso dos Deputados ,a Organización Galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACCMM) ,foi quen de lograr unha importante modificación na lei de montes estatal , que vai ser aprobada no mes de Setembro.Unha modificación moi substancial porque siñifica a salvagarda da figura do monte veciñal en man común . O texto orixinario do proxecto de lei de montes estatal decia “ Os montes veciñais en man común son de natureza especial e para todos os efectos, serán considerados como montes de propiedade privada” Coa modificación agora o texto di .”**Os montes veciñais en man común son de natureza especial por ser de propiedade común e estar limitado polas características de inembargable , inalienable , imprecipitible e invidisible “ .**

Sen animo de esaxerar, atrevemos a decir ,que este é un dos logros mais importantes da nosa organización, e que amosa a importancia que ten a unión das comunidades nunha organización que teña como máximo interés a defensa do monte veciñal en man común .

**CERTIFICACION FORESTAL :** Baixo a auspicio da Dirección Xeral de Montes , varias entidades relacionadas co mundo forestal , están montando unha chamada “ Asociación Galega Promotora da certificación forestal no modeloPEFC “; e que pretende que seña o único modelo de certificación forestal que funcione en Galicia .Diante de esta situación , a ORGACCMM, acordou non participar na creación de esa asociación en base ao seguinte argumento : “ A postura da ORGACCMM no asunto da certificación forestal e facilitar que en Galicia haxa mais de un selo de certificación forestal, dado que as comunidades de montes veciñais en man común,teñen que ter un abano de posibilidades para que poidan optar por aquel selo de certificación forestal que entendan mais adecuado para os seus intereses e para os ouxetivos dos seus montes.Se a nosa organización participa no selo de certificación modelo PEFC que se esta a montar en Galicia baixo a optica da exclusividade ,calquer outro selo que se quixera montar ,non teria espacio forestal para facelo “

NOTA.:

Para mais información podedes chamar a nosa organización (tfono 649137135)